

AÍNDA ESTOU AQUI

Walter Salles, 2024


1466

ESTREA EN NUMAX: 21.03.2025 | V.O.S.E. | +12 | 137 min

Brasil, 1971. Un país baixo as gadoupas dunha ditadura militar. Unha nai involúcrase no activismo político cando o seu marido, o deputado de esquerdas Rubens Paiva, é capturado polo réxime ditatorial. O multipremiado Walter Salles (Estación central de Brasil) volve á primeira liña con este emocionante drama ambientado nas ditaduras dos setenta e baseado nas memorias de Marcelo Rubens Paiva.

«O magnífico filme de Walter Salles, baseado en feitos reais é unha homenaxe absorbente e conmovedora a unha muller formidable e a súa familia»

Wendy Ide, SCREENDAILY



A vida íntima dunha familia rota pola ditadura brasileira

Por Pepa Blanes

Aínda estou aquí é o emocionante regreso de Walter Salles, o director de *Diarios de motocicleta*. Unha historia brasileira, política, humana e emotiva que adapta as memorias de Marcelo Rubens Paiva. Nelas relataba como a súa nai soubo recompoñerse e loitar por facer xustiza tras a desaparición do seu pai, un deputado socialista, durante a ditadura militar dos setenta. O cinema como un instrumento contra o esquecemento, ese foi o leit motiv do director brasileiro para contar esta historia que, recoñecía, tiña algo de persoal. O autor, un neno cando o seu pai desapareceu, non tomou conciencia do que pasara ata moito tempo despois, e decidiu escribir a historia da súa familia, e en particular a da súa nai, cando a esta lle diagnosticaron alzheimer. "Sentín a obriga de escribir sobre ela cando me dei conta de que fora o centro da familia, con cinco fillos, ela soa e sen diñeiro, arriscándose en plena ditadura, viviamos cos teléfonos interceptados, as miñas irmás foron arrestadas e eu fun ameazado polos militares".

De forma clásica, evitando o sensacionalismo, as músicas lacrimóxenas ou os dramas excesivos, a historia cóntase de maneira case natural, centrándose na intimidade dunha familia e como a ditadura ameaza o máis íntimo dos seres humanos, irrompendo na esfera privada para cernar as vidas de quen consideraba disidentes e de todos os seus familiares. Tortura física e psicolóxica, na que non se recrea o director, que deixa fóra de campo. Apóstao todo á forza dunha muller, silenciosa e riseira, que decide seguir vivindo, facer xustiza e ser feliz. O uso das fotografías que se tomaban os membros da familia, dos vídeos en Super-8 que unha filla maior grava sen parar e as imaxes da televisión acesa na casa axudan a contar unha historia que permite empatizar a todos os espectadores e partir da historia de vida dun individuo a unha historia de toda unha xeración, de todo un país, mesmo de moitos outros. Desgraciadamente, eses males non se eliminaron, conectan co mundo de hoxe. Nunca pensei que a miña xeración vería rexurdir a extrema dereita", dicía o director na rolda de prensa do festival. "Sinto a angustia dos tempos que vivimos e creo que é importante falar diso".

Hai ademais unha idea fermosa que é a de conectar, dunha maneira máis espiritual que temática, o gran filme do director co que lanzou a súa carreira internacional, *Estación central de Brasil*, con este novo traballo. Na primeira descubrimos a esa grandísima actriz, a raíña de Brasil como a definían na rolda de prensa, Fernanda Montenegro, que fai unha preciosa intervención nesta película que protagoniza a súa filla, a actriz Fernanda Torres, nunha soberbia interpretación que podería arrebatarlle a Copa Volpi ás estrelas americanas. A película fai xustiza ao personaxe, porque como ela, Sáelles nunca cae no melodrama, pero tampouco é silenciada, ou aplacada. Pasou de ser a viúva ou a nai para converterse nunha antropóloga que defendeu ata os seus últimos días ás comunidades indíxenas do Amazonas. Sen dúbida, un retrato precioso da heroína moderna que non adoita aparecer no cinema. É significativo que a estrea en Venecia de *Aínda estou aquí* coincida coa reactivación en Brasil da Comisión de Mortos e Desaparecidos Políticos, creada para identificar e indemnizar ás vítimas da ditadura.

Publicada en cadenaser.com